

SAÚDO	Ola rapaces,a seguir sendo fortes e pacientes e moito cariño para continuar.
SEMANA	Do 27 ao 30 de abril -e do 4 ao 8 de maio

Pais/nais:

Se houberse calquera problema, dúbida ou dificultade, por favor avisade a través do meu correo profe.myriamabanqueiro@gmail.com .Para min é un pracer poder axudar.

O traballo feito será enviado de volta a ese mesmo correo (se é foto que sexa clara e ben encuadrada).

IMPORTANTE: Cada traballo enviado ten que poñer na parte de arriba de todo do folio ou folla, da libreta ou libro ,o nome e apelidos do neno/a e o curso.(coas iniciais dos apelidos chega).

Por favor, se algún neno/a non puidese facer os traballos por calquera motivo agradecería que mo comunicáredes para buscar solución e adaptarnos ás circunstancias.

Graciñas

Xa sabedes, se non podedes imprimir algún traballo intentade copiar na libreta ou nun folio, e se é algún debuxo podedes facelo vós.

Carpeta TRABALLO FELIZ:

- ✓ Facédeo con alegría e calmiña.Tedes moitos días.
- ✓ Lede despaciño a páxina 46 e facede a pax. 47
- ✓ Colorea o bautismo deste neno na seguinte ficha.

do Bautismo?

Observo como é un bautizo



A mestra propúxolle á clase investigar quen era os padriños e as madriñas de bautismo. Mario contou esta historia: «Cando nacín, viviamos noutro país. Os meus padriños axudaron a miña familia. Pero, co tempo, perdemos o contacto. Por iso, non os coñezo».



Despois, Laura dixo: «Os meus padriños son Carme e Xaime. O día en que conmemoro o meu bautismo felicítanme e tráenme un regalo. E os domingos van canda min á igrexa. Quéroos moito porque con eles aprendo a ser amiga de Xesús».



Ao escoitar estas historias, Manuel preguntou: «A que se comprometen os padriños?». «A axudar o seu afillado nas necesidades materiais e a ensinarlle como ser un bo cristián», explicoulle a mestra.

Fuches a algún bautizo?

Observo

Reflexiono e dialogo sobre o cómic


1 Como se comportan os padriños con Laura?

2 Que aprende Laura deles?

Expreso as miñas experiencias

1 Observa e escribe cada número no seu lugar.

Sacerdote Bautizado Padriño Madriña



2 Pregúntalle á túa familia e escribe algún exemplo que che digan.

1. Bauticeime o día _____ do mes de _____ do ano _____.

2. Os meus padriños chámanse _____.

